

O ALENTO DA MUSA Alberte Momán (2007)

Achegado por mariademallou
Venres, 13 de Abril do 2007

O ALENTO DA MUSA

Alberte Momán

(Difusora de letras, Artes e Ideas,
2007)

Alberte Momán,
poeta e autor dos relatos eróticos de O lobo da xente (Edicións Positivas 2003), volve armarse de narrativa, desta volta con inevitable sabor a verso, en O alento da musa, novela construída en base a pequenos fragmentos que compoñen unha historia de desexos, frustracións e procura da identidade, na que o autor toma a voz dunha muller duns trinta anos para indagar no profundo das súas ansias.

Partindo do cotiá
e empregando o discurso interior como elemento principal da

narración, Alberte recrea o pequeno universo dunha caixeira de supermercado e uns poucos personaxes que se ligan con ela na súa procura de algo que recoñece como felicidade. A novela, reflexo dunha sociedade deshumanizada, rexida polo consumo e a soidade máis absoluta, móstrase tan real que calquera lector pode sentirse nalgún momento identificado cos pensamentos dos seus protagonistas, os cales van prestando a súa voz para compoñer, a modo de quebracabezas, a historia íntima da protagonista. De maneira que esta historia remata sendo tamén parte da súa propia. É pois unha novela coral, na que cada novo narrador aporta e comparte cos outros, ademais do contado, frustracións e males comúns.

Para máis, o feito de a narración descansar na boca de cada personaxe permite ao autor achegarse a un estilo que roza o poético na súa expresión, sen por iso perder a frescura da oralidade. A organización fragmentaria da obra, que dá lugar ao uso de diversos narradores, esixe un lector activo que sen demasiado esforzo recoñece a cada personaxe a través dos pequenos detalles que os sitúan dentro da historia principal. Este feito converte a lectura nun entretido xogo de pegadas que ao final do libro deixa a sensación de ter paseado por un mundo enteiro, compacto e ben composto, no que todo concorda con equilibrio inapreciable.

Unha historia sinxela das que se moven no terreo do íntimo e persoal pero marcada tamén por unha certa sensualidade que acompaña estreitamente as peripecias dos seus personaxes. A vida mesma, non máis, gardada entre as tapas laranxas deste libro.

A edición, preciosa, da Difusora das letras acompaña aínda un último regalo: o pequeno caderno de versos Déixanse levar, mostra da poética deste escritor que nunca descansa.